

## **ROGO DE AER SOBRE CONTESTACIÓN DE REXISTROS**

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

“Na Agrupación de Electores xa estamos cansos de demandar en reiteradas ocasións que o Concello responda aos nosos rexistros no prazo que a lei recolle. De feito, hai rexistros con máis de un ano de antigüidade que aínda non se dignaron a responder.

Ademais, nos rexistros que nos contestan, é habitual recibir un escrito non oficial e sen firma do responsable político do asunto en cuestión, ou, no seu defecto, do alcalde.

**Tendo en conta que as cuestións presentadas polo rexistro de entrada do Concello se fan mediante un escrito oficial, facémoslles chegar o seguinte ROGO:**

**Rogamos que o Concello de Redondela responda aos rexistros de entrada no prazo que a lei estipula e mediante documento oficial, xa sexa en formato dixital ou en papel, co seu correspondente selo e sinatura do político responsable de cada tema ou, no seu caso, polo alcalde.”**